

## ACTA DA REUNIÓN DA COMISION DE SELECCIÓN DO POSTO DE DIRECTOR TÉCNICO POLA QUEDA DE PROMOCIÓN INTERNA

Data: 18 de setembro de 2017

Lugar: Oficinas de Sogama en Cerceda.

Asistentes:

Presidente

D. Javier Domínguez Lino

Secretario Xeral

D. José María Hernández Sanmamed.

Vocal 1º

D. Isidro García Téllez

Vocal 2º

Dna. Asunción Villa Álvarez

Se levanta a presente acta para deixar constancia da constitución da comisión de selección establecidas nas bases de selección do posto de Director Técnico de Sogama pola queda de promoción interna, convocado mediante anuncio público no DOG 143, do 28 de xullo de 2017.

O proceso de selección e funcionamento da comisión de selección efectuarase aplicando naqueles aspectos que resulte posible as Instrucións relativas ao funcionamento e actuacións dos tribunais de selección, manifestando neste actos os seus membros que non se atopan incurso en ningunha causa de recusación das establecidas nas citadas Instrucións.

Como primeira actuación da Comisión, e dado que a Dirección Xeral de Función Pública non realizará as actuacións previas establecidas no artigo 19 das Instrucións, decídese sobre os candidatos presentados e a súa cualificación entre admitidos e non admitidos.

En resposta ao anuncio de convocatoria do posto, presentouse unicamente un candidato:

- José Antonio Álvarez Alcoba

Tras examinar a súa solicitude e a documentación adxunta, así como os antecedentes que obran na sociedade, constátase que o candidato cumpre os requisitos mínimos establecidos na convocatoria do posto para a súa admisión ao procedemento.

Visto o anterior, a comisión de selección acorda admitir ao candidato presentado, publicando a lista de admitidos e excluídos na forma establecida nas bases de convocatoria.

Habida conta de que non hai candidatos excluídos, non procede abrir o período de alegacións establecida para os candidatos excluídos na base terceira.3).

Dáse por rematado o acto estendéndose o Acta correspondente no lugar e data expresados no encabezamento.



Javier Domínguez Lino  
Presidente



Isidro García Téllez  
Vocal 1º



José María Hernández Sanmamed  
Secretario



Asunción Villa Álvarez  
Vocal 2º